



Ás 17:00 horas do 7 de novembro constitúese a Xunta Electoral encargada de velar polo correcto desenvolvemento do proceso de renovación do consello escolar da Escola Oficial de Idiomas de Vilagarcía de Arousa segundo a *Resolución do 19 de setembro do 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (D.O.G. Do 30 de setembro).*

A mencionada **Xunta queda formada por:**

- M<sup>a</sup> del Pilar Rey Guimarey, como representante dos PAS.
- Rosa María Rodríguez Santórum, como representante do profesorado.
- M<sup>a</sup> del Pilar Pintos Lois, como representante do alumnado.
- Dona María Teresa Lorenzo Penedo, como directora do centro, preside a xunta electoral.

Non puido contactarse cos representantes de nais/pais/titores. Elíxese como secretaria desta xunta a M<sup>a</sup> del Pilar Pintos Lois (representante do alumnado).

O presidente da xunta electoral procede a explicar as funcións da Xunta Electoral.

A Xunta decide aprobar e publicar o censo electoral correspondente a cada sector e aprobar o calendario que ordena o proceso electoral. Decídese ademais dar publicidade ao proceso mediante a publicación da información na web do centro, incluíndo o formato de impresos para cubrir polas persoas candidatas.

A directora informa que, segundo se recolle no Decreto 189/2010 polo que se establece o Regulamento Orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. do 19/11/2010) no artigo 16, procede renovar, sete (7) representantes do profesorado, dous (2) representantes de pais/nais/titores, e catro (4) representantes do alumnado (a maiores formará parte deste sector o presidente da xunta de delegados).

Acórdase publicar o censo e dar publicidade ao proceso de renovación consonte ao seguinte calendario de actuacións:

- Do 10 de novembro: Convocatoria de eleccións nos diversos sectores educativos e publicación dos censos electorais.
- Do 10 ao 17 de novembro: Reclamacións ao censo.
- Do 11 ao 18 de novembro: Prazo de presentacións de candidaturas (normas de elección e fixar data do claustro extraordinario para as eleccións do sector do profesorado – 29 de novembro –).
- O 16 de novembro: Reunión de claustro informativo.
- O 21 de novembro: Segunda reunión da Xunta Electoral para a resolución de reclamacións ao censo , proclamación de candidaturas e apertura do prazo de reclamacións ás candidaturas, sorteo das mesas electorais pais/nais e PAS.
- Os días 22 e 23: Presentación de reclamacións á proclamación das candidaturas.
- O 24 de novembro: Terceira reunión da Xunta Electoral (de haber reclamacións).
- O 29 de novembro: Votación dos distintos sectores.
- O 1 de decembro: Cuarta reunión da Xunta Electoral para a proclamación das candidaturas elixidas e envío das actas á Delegación.
- O 12 de decembro: Reunión para a constitución do novo consello escolar e posterior remisión do informe á Xefatura Territorial.



Se fose preciso, celebraríase unha reunión caso de haber reclamacións que atender.  
Sortearanse e avisaranse membros das mesas correspondentes só no caso de que haxa candidaturas.

Levántase a sesión ás 17:15 horas.

A secretaria da xunta electoral

Mª del Pilar Pintos Lois



O presidente da xunta electoral

Mª Teresa Lorenzo Penedo